

Contra a última morte das vítimas

Montse Fajardo colleita en 'Un cesto de mazás' dezaseis estarrecedores relatos de memoria oral arredor do golpe militar de 1936 // A autora sinala a represión sufrida polas mulleres, dobreamente silenciada, e a desidia das administracións na recuperación da memoria histórica



Montse Fajardo asina exemplares de 'Un cesto de mazás' na pasada edición do Culturgal - FOTO: Gallego

FRAN P. LORENZO | [17.12.2015](#)

Un cesto de mazás, o segundo libro de Montse Fajardo (Vilagarcía, 1973) chega aos andeis das librarías coma unha ofrenda e unha reparación, o froito dun traballo que se lles devolve ás vítimas do alzamento militar de 1936. "Este libro fala de persoas detidas, fusiladas, asasinadas en cunetas, agochadas durante anos en tobos de cortes ou ocos de cocifña, humilladas. Fala de foxas, batallóns, depuración, cárcere e exilio. Das vítimas evidentes pero tamén das outras". Tres anos investiu Montse Fajardo en artellar estes dezaseis relatos, co tempo en contra e cun estilo contido e diáfano que logra sobreporse, con rigor, ao horror e á barbarie que describe. "Recuperar a memoria é urxente porque estamos xa nos últimos momentos nos que é posíbel achar persoas que falen en primeira persoa do que aconteceu en 1936. É un tema que non se pode adiar e que, agás excepcións, non está na axenda das administracións públicas". Proxectos como Nomes e Voces –lembra Fajardo– "xa non están funcionando" malia a valía das súas investigacións e o investimento de cartos públicos que os puxo a camiñar.